



Concello de
OURENSE

OFICIALIA MAIOR
Praza Maior Nº1
32005 - Ourense

41/16.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE XULLO DE 2016

Na cidade de Ourense, a vinte e oito de xullo de 2016, sendo as oito horas e trinta minutos, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, na Casa Consistorial, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: D. Jesús Vázquez Abad. Srs. Concelleiros: D^a M^a Sofía Godoy Gómez-Franqueira, D^a Ana María Fernández Morenza, D. José Araújo Fernández, D. Jorge Pumar Tesouro, D. José Mario Guede Fernández, D. José Jesús Cudeiro Mazaira, D^a Flora Moure Iglesias, e D^a Isabel M^a Castelo Villanueva, que actúa como Concelleira-Secretaría da Xunta, -non asistindo D^a M^a Belén Iglesias Cortés- -asisten como invitados: O Oficial Maior accidental, don José Manuel da-Cunha Babarro; o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez e o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez, asiste tamén como invitada a letrada dona Gemma Tamargo Suárez, unicamente para os puntos da Avogacia (2 a 13)-, ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- **Aprobouse** por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), as actas da Xunta de Goberno Local Extraordinaria e Urxente de 20 de xullo de 2016, e Ordinaria de 21 de xullo de 2016.

AVOGACIA CONSISTORIAL

2.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que a AUDIENCIA PROVINCIAL DE OURENSE, ditou Auto no Recurso de Apelación 438/16, que dimana do procedemento abreviado 4094/2012 polo que se acorda: “- ESTIMAR parcialmente o recurso de apelación interposto por JORGE VICTOR GIL CARNICER contar o auto de data 17/03/2016 ditado polo Xulgado de Instrucción num. 1 de ourense no SOLO SENSO de non impoñer as custas do procedemento ao querelante mantendo o resto dos pronunciamentos”.

Deberáse dar traslado do Auto ao Servizo de Urbanismo Negociado de Disciplina urbanística para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense, ditou Auto no Procedemento Abreviado nº 54/2016, por cuxa virtude acorda: “- DECLARAR TERMINADO el



presente procedimientu, por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da recurrente. -ARCHIVAR las actuaciones previa anotación en el Libro registro correspondiente. -DEVOLVER o expediente administrativo á administración demandada. -Unir certificación literal al recurso y el original al libro registro correspondiente.”

Contra este auto cabe recurso de reposición e, á vista do informe da letrada municipal, acórdase non recorrer.

Deberase dar traslado do Auto ao Servizo de Patrimonio, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada e, comparecer e personarse, en calidade de demandado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo num. 2 de Ourense, no Procedemento ordinario 151/2016-D interposto por MARIA CRUZ SEIJO GONZALEZ contra o Decreto 20160001500 do Concelleiro de Comercio de data 07/03/16 ditado no expediente 1571/15, polo cal, deniegase a solicitude de ampliación a cinco veladores ao establecemento “O Lar de Gunter” sito en Praa Paz Novoa num. 2 baixo.

5. A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada e, comparecer e personarse, en calidade de demandado ante o Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no Procedemento Abreviado número 179/2016 interposto por D^a. M^a Dolores Parada Vázquez, recorre o Acordo de Xunta de Goberno Local de 23-03-2016 impodolle unha quinta multa coercitiva de 2.400 € polo incumplimento da orden de execución dictada pola X.G.L. De 18-10-2007, consistente no derribo do edificio sito na plaza Victoria nº 1. Xuízo celebrárase o día 22-11-2016.

6.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4^a, de A Coruña, ha dictado sentenza no Recurso de Apelación nº 15010/2016, cuyo fallo é do seguinte tenor literal: “FALLAMOS que con desestimación del recurso de apelación contra la sentencia del Juzgado contencioso administrativo nº 2 de Ourense recaída en el procedimiento ordinario 408/2015, DEBEMOS CONFIRMAR Y CONFIRMAMOS la indicada resolución, con imposición a la apelante de las costas causadas en esta segunda instancia, fijando en 1.000 euros la suma máxima en concepto de defensa de la apelada. Contra esta sentencia no cabe recurso ordinario alguno. ”

Esta sentenza é firme.

Deberáse dar traslado da Sentenza o Órgano de Xestión Tributaria, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

7.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:





Darse por informada de que o Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, ha dictado sentenza no Procedemento Abreviado nº 56/2016, cuyo fallo é do seguinte tenor literal: “1º.- DESESTIMAR el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil “Tad Logística Ourense SL” frente al acuerdo de 15 de diciembre de 2015 del Tribunal Económico-Administrativo del Concello de Ourense por el que se desestimó la reclamación formulada contra la liquidación provisional nº 2947680 practicada por el impuesto sobre el incremento del valor de los terrenos de naturaleza urbana (plusvalía) en el expediente de comprobación limitada 17440; y se inadmitió la reclamación dirigida frente a la resolución de incoacción del expediente sancionador STRIB-0118/14. 2º.- Sin imposición de costas.”

Contra esta sentenza no cabe interpor recurso de apelación.

Deberáse dar traslado da Sentenza o Órgano de Xestión Tributaria, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

8.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense, ha dictado Sentenza no Procedemento Abreviado nº 32/16, cuyo fallo é do seguinte tenor literal: “1º.- ESTIMAR el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D. Manuel Cerqueira Alonso contra el Decreto nº 2015/7096, de fecha 15 de octubre de la Concejala delegada de Sanidad del Concello de Ourense desestimatorio del recurso de reposición interpuesto contra el anterior Decreto de 14 de abril de 2015 que le impuso la sanción de 3005,07 euros por la comisión de una infracción grave por suministro bebidas alcohólicas a menores de edad en el establecimiento Xanadú sito en la r/ Lepanto de Ourense (expte. 291/2014). 2º.- Anulara la referida sanción, revocándola y dejándola sin efecto. 3º.- Sin imposición de costas.”

Contra esta sentencia no cabe recurso de apelación.

Deberáse dar traslado da sentenza o Servizo de Saúde para o seu coñecemento e efectos oportunos.

9.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense, ditou Auto na Execución Definitiva nº 35/2015, por cuxa virtude acordar: “1º.- Declarar ejecutada la sentencia en sus estrictos términos. 2º.- Concluir y archivar este incidente de ejecutorio. 3º.- Sin imposición de costas.”

Contra este Decreto cabe recurso e, á vista do informe da letrada municipal, acórdase non recorrer.

Deberase dar traslado do Decreto o Servizo de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos.



10.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, Sección 1ª de A Coruña, ditou Sentenza no Recurso de Suplicación núm. 916/2016, cuxa parte dispositiva é do seguinte tenor literal: “Que estimando en parte el recurso de suplicación interpuesto por la representación letrada del CONCELLO DE OURENSE contra la sentencia dictada por el Juzgado de los Social número dos de los de Ourense, en el proceso por despido promovido por doña Noemí Vázquez de la Iglesia frente a la entidad recurrente, debemos revocar y revocamos en parte la sentencia recurrida y declarando una antigüedad desde el 7 de mayo de 2012 se reduce el importe de la indemnización por despido improcedente fijada en al sentencia objeto del recuso a al de 11.687,66 euros, confirmando en el resto los pronunciamientos de la misma.”

Contra sentenza cabe recurso de casación para unificación da doutrina e, á vista do informe da letrada municipal, acórdase non recorrer.

Deberáse dar traslado da Sentenza ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

11.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Xulgado do Social núm. 4 de Ourense, ditou Sentenza no Procedemento Ordinario núm. 273/2016, cuxa parte dispositiva é do seguinte tenor literal: “Que debo estimar en parte la demanda presentada por D. Roberto Caride Fernández y en virtud de ello declaro el derecho del actor a la percepción de su salario en atención a una jornada realizada de 53,33 % de la ordinaria y condeno al CONCELLO DE OURENSE a estar y pasar por ello con sus efectos y al abono al actor de 569,17 euros por diferencias salariales adeudadas por los meses de septiembre de 2015 a febrero de 2016, ambos incluidos.”

Contra sentenza cabe recurso de suplicación e, á vista do informe da letrada municipal, acórdase recorrer.

Deberáse dar traslado da Sentenza ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

12.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, ditou Sentenza no Procedemento Abreviado núm. 62/2016, cuxa parte dispositiva é do seguinte tenor literal: “1º.- ESTIMAR EN PARTE o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Celso Novoa González, D. José Díaz Rodríguez e D. José Manuel Enríquez Molinos contra a desestimación presunta dos recursos de alzada formulados contra catro resolucións de data 8 de outubro de 2015 do Oficial de incendios do Servizo contra incendios e de salvamento do Concello de Ourense desestimatorias das súas respectivas solicitudes de desfrute de permiso por asuntos propios en determinados días do último trimestre do ano 2015. 2º.- Anular as devanditas resolucións por ter sido dictadas por órgano incompetente. 3º.- Declarar o dereito dos recorrentes a desfrutar de seis días de permiso de asuntos propios no ano, podéndose condicionar por “necesidades do servizo” a exacta data do seu desfrute, pero sen que iso faga imposible o exercicio do dereito. 4º-- Condenar á Administraicón demandada a concederlles aos recorrentes, no prazo máximo de dous meses, os días de permiso por asuntos propios que lles foron denegados no ano 2015 por necesidades do servizo sen concedérselles unha data alternativa para





o seu disfrute; ou subsidiariamente a indemnizarlles nos termos sinalados no fundamento "IV". 5º.- Sen imposición de costas."

Contra sentenza cabe recurso de Apelación e, á vista do informe da letrada municipal, acórdase recorrer.

Deberáse dar traslado da Sentenza ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

13.- A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense, dictou Auto na Execución Provisional nº 30/16, cuyo fallo é do seguinte tenor literal: "1º.- Estimar la solicitud de D. Manuel Pérez Grande de ejecución provisional de la referida sentencia. 2º.- Requírase a la Admnsitración demandada a fin de que en el plazo de 10 días proceda a dar estricto cumplimiento de lo dispuesto en la sentencia."

Contra a presente resolución cabe interpor recurso de apelación e, á vista do informe da letrada municipal, acórdase non recorrer.

Deberáse dar traslado do Decreto o Servizo de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

14.- Instituto Galego de Vivenda e Solo, modificado nº2 do proxecto básico e de execución del edificio sito Vilar 1 con destino a vivendas de promoción pública. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2016016107.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

1º) Aprobar, a pedimento da Xunta de Galicia - Consellería de Infraestruturas e Vivenda – Instituto Galego da Vivenda e Solo, representada pola Xefa da Área Provincial de Ourense deste, Dª Consuelo Fernández Sueiro, o modificado nº 2 do proxecto básico e de execución de rehabilitación do edificio sito na Rúa do Vilar, 1 (referencia catastral 37.77.6.11) con destino a vivendas de promoción pública e composto de planta baixa para elementos comúns; planta primeira para unha vivenda que ocupa tamén parcialmente parte da planta segunda; planta segunda para unha vivenda que ocupa tamén a planta terceira e planta baixo cuberta para local sen uso específico e elementos comúns cun total de dúas vivendas, según documentación técnica redactada polos arquitectos D. Adolfo Rodríguez De la Rúa Román. D. Juan A. Aragonés Martínez e D. Pablo Álvarez Feijoó, asumindo a dirección de obra o primeiro deles e baixo a dirección de execución de obra e a coordinación de seguridade e saúde da arquitecta técnica Dª Rosa María González



Suárez cun orzamento de execución material de 310.541,02 Euros, proxecto que conta con licenza condicionada outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 29 de outubro de 2009 (punto 13 dos da orde do día).

2º) Requerir á titular da licenza para que comunique, con carácter previo, a través do rexistro xeral, o inicio das obras, ós efectos do seu seguimento técnico polo Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIs e arqueolóxico polo Departamento de Arqueoloxía de conformidade co disposto nas normas urbanísticas do PEPRI do Casco Histórico de Ourense.

3º) Requerir do Servizo de Facenda a expedición de cartas de pago das liquidacións a practicar, en función do novo orzamento da obra, do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (provisional) e da Taxa por Licenza Urbanística, e das que se dará traslado á solicitante da licenza para que proceda ó ingreso das cuotas tributarias que se determinen, momento no cal adquirirá eficacia o acordo de outorgamento da licenza citado no apartado primeiro do presente acordo, poderá formalizarse e entregar á titular o documento de expedición de licenza e escomenzalas obras amparadas na citada licenza.

RÉXIME DE RECURSOS DO ACORDO

Recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o dictou ou directamente Recurso Contencioso – Administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel no que reciba a notificación ou ben no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte no que se entenda desestimado por silencio o recurso de reposición, se fora interposto, conforme ó establecido nos artigos 52 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, 194 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 58 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así coma os artigos 8 e 46 da Lei 29/1.998 del 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contenciosa – Administrativa, todo elo sen perxuízo no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión, ou de calquera outro que estime procedente.

15.- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, proxecto de execución para centro interxeracional para escola infantil de 6 unidades e centro de formación e aprendizaxe para persoas maiores sito Ramón Abellas, sector A3, parcela E-2. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2016018012.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

1.- Conceder ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar licenza de obra para proxecto de execución para centro interxeracional para escola infantil de 6 unidades e centro de formación e aprendizaxe para persoas maiores sito na rua Ramón Abellas, sector A3, parcela E-2. De conformidade co proxecto redactado polo arquitecto D. Rafael Pier Romero con un presuposto de execución material de 2.405.720,00€. Todo elo, de conformidade co informe técnico de 21 de xullo de 2016.

2.- Requerir ó interesado para que achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e axustadas á licenza outorgada, e comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación para poder ocupar a vivenda o obter así a preceptiva licenza de ocupación.

3.- Dar traslado aos interesados do informe técnico de 20 e 21 de xullo de 2016 así como do informe xurídico de 22 do mesmo mes e ano, aos efectos de motivación.





4.- Advertir ao interesado que non poderá comezar as obras ata que abone o correspondente ICIO.

Réxime de recursos: este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderase interpor, con carácter potestativo, recurso e reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se notifique. Así mesmo, contra este poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se notifique, consonte o establecido nos artigos 52 da lei reguladora das bases de réxime local, 194 e concordantes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 58 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como os artigos 8 e 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

16.- Revisión de oficio de licenza de Comisión Municipal de Goberno de 16 de maio de 1996. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2016011776.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votosa favor), acordou:

1.- Asumir integramente o contido do informe xurídico de 23 de decembro de 2014, 29 de xuño de 2016 e 21 de xullo do mesmo ano, como parte integrante desta resolución.

2.- Desestimar os escritos de alegacións presentados por D. Antonio Feijoo Miranda actuando en nome e representación de D.Adolfo Pereira Marimón, polas razóns expostas no informe xurídico de 29 de xuño e 21 de xullo de 2016.

E, estimar en parte a alegación primeira do escrito de alegacións presentado na oficina de correos o 13 de xullo de 2013- rexistro do Concello de Ourense 18 de xullo de 2016-, por D. Antonio Feijoo Miranda actuando en nome e representación de D.Adolfo Pereira Marimón, no único senso de incorporar ao expediente 2016011776 copia do expediente de xestión 8978/2015, aos solos efectos de remitilo ao Consello Consultivo de Galicia. Todo elo, de conformidade co informe xurídico de 21 de xullo de 2016.

3.- Asumir a proposta de declaración de nulidade do acordo da Comisión Municipal de Goberno de 16 de maio de 1996, polas razóns expostas no informe emitido pola, no seu día, Xefa de Servizo de Planeamiento e Xestión urbanística de 23 de decembro de 2014 e polos informes xurídicos de 29 de xuño de 2016 e 21 de xullo do mesmo ano.

4.- Remitir ao Consello Consultivo de Galicia copia do expediente número 2166/95, do número 2016011776 así como do expediente de xestión número 8978/2015 para que, en relación ao expediente 2016011776 emita dictame nos termos previstos no artigo 102 de la Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Régime Xurídico, de conformidade co informe técnico de 27 de novembro de 2014, no informe emitido pola, no seu día, Xefa de Servizo de Planeamiento e Xestión urbanística de 23 de decembro de 2014 e polos informes xurídico de 29 de xuño de 2016 e 21 de xullo do mesmo ano.



5.- Acordar, de conformidade co artigo 42.5.c) a suspensión do prazo legal para resolver o procedemento polo tempo que medie entre a petición (entendendo por ésta a data de rexistro de saída do Concello de Ourense) e a recepción do informe preceptivo e vinculante do Consello Consultivo (data de Rexistro de entrada do Concello de Ourense).

Réxime de Recursos: Contra este acordo non cabe a interposición de recurso toda vez que se trata dun acto de trámite con arreglo ao disposto no artigo 107.1 da Lei 30/92, que non é incardinable na categoría de actos de trámite cualificados ou impugnables, pois aquel non decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continuar o procedemento, e tampouco produce indefensión nin perxuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos.

DISCIPLINA

17.- Disciplina Urbanística. Denuncia por colocación de cartel anunciador en cerramento metálico sito na Praza Maior.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

1.- Incoar expediente sancionador ao responsable da organización do evento denominado “32 Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, que resulta ser o Concello de Ribadavia, con CIF P-3207000E e domicilio a efectos de notificacións na Praza Maior nº 4, 32400 de Ribadavia, Ourense, por cometer unha infracción urbanística consistente na colocación de carteis anunciadores do dito evento no cerramento metálico de obra sito na Praza Maior de Ourense, sen a obtención da debida licenza municipal, tal e como establece o artigo 10 apartado 21 do Decreto 28/99, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei de Suelo de Galicia, así como polo incumprimento do establecido no artigo 4.1 da Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior mediante carteis, carteleiras ou valos publicitarios.

2.- Nomear instructor do expediente a D^a Laura Maté Pérez e secretario do expediente a D. Miguel Angel Martín Mosteyrín.

3.- Asumir integramente o contido do informe xurídico de data 19 de xullo de 2016, como parte integrante desta resolución e dar traslado dos mesmos, aos presuntos responsables, aos efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo non cabe a interposición de recurso toda vez que se trata dun acto de trámite con arreglo ao disposto no artigo 107.1 da Lei 30/92, que non é incardinable na categoría de actos de trámite cualificados ou impugnables, pois aquel non decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continuar o procedemento, e tampouco produce indefensión nin perxuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos.

18.- Disciplina Urbanística. Expediente nº 2016003086. Denuncia por colocación de varios carteis anunciadores na fachada dos inmobles sitos na rúa San Francisco nº 2, Rúa Luna nº 21 e Avenida de Zamora nº 52.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

1.- Incoar expediente sancionador ao responsable da organización do evento denominado “Mindshake” celebrado no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia o 1 de xaneiro de 2016, que resulta ser Tomaticket S.L., con NIF B70394887, figurando como Administrador don José





Patiño Riveiro con DNI 43.371.863-M, por cometer unha infracción urbanística consistente na colocación de varios carteis anunciadores na fachada dos inmobles sitios na Rúa San Francisco nº 2, Rúa Luna nº 21 e Avenida de Zamora nº 52 de Ourense, sen a obtención da debida licenza municipal, tal e como establece o artigo 10 apartado 21 do Decreto 28/99, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei de Suelo de Galicia, así como polo incumprimento do establecido no artigo 4.1 da Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior mediante carteis, carteleiras ou valos publicitarios.

2.- Nomear instructor do expediente a D^a Laura Maté Pérez e secretario do expediente a D. Miguel Angel Martín Mosteyrín.

3.- Asumir integramente o contido do informe xurídico de data 22 de xullo de 2016, como parte integrante desta resolución e dar traslado dos mesmos, aos presuntos responsables, aos efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo non cabe a interposición de recurso toda vez que se trata dun acto de trámite con arreglo ao disposto no artigo 107.1 da Lei 30/92, que non é incardinable na categoría de actos de trámite cualificados ou impugnables, pois aquel non decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continuar o procedemento, e tampouco produce indefensión nin perxuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos.

19.- Disciplina urbanística. Expediente nº 2016018974. Denuncia por colocación de catel anunciador na fachada do inmoble sito na rúa Lepanto ae na rúa Luna.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

1.- Incoar expediente sancionador ao responsable da organización do evento denominado “FRAC, Fundación de Raperos Atípicos de Cádiz”, que resulta ser o titular do Bar O’Renque que, segundo os datos obrantes nesta administración, resulta ser don Sergio García Souto, con NIF 79.329.249-H, por cometer unha infracción urbanística consistente na colocación de carteis anunciadores do dito evento nas fachadas dos inmobles sito na Rúa Lepanto e na Rúa da Luna de Ourense, sen a obtención da debida licenza municipal, tal e como establece o artigo 10 apartado 21 do Decreto 28/99, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei de Suelo de Galicia, así como polo incumprimento do establecido no artigo 4.1 da Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior mediante carteis, carteleiras ou valos publicitarios.

2.- Nomear instructor do expediente a D^a Laura Maté Pérez e secretario do expediente a D. Miguel Angel Martín Mosteyrín.

3.- Asumir integramente o contido do informe xurídico de data 19 de xullo de 2016, como parte integrante desta resolución e dar traslado dos mesmos, aos presuntos responsables, aos efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo non cabe a interposición de recurso toda vez que se trata dun acto de trámite con arreglo ao disposto no artigo 107.1 da Lei 30/92, que non é incardinable



na categoría de actos de trámite cualificados ou impugnables, pois aquel non decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continuar o procedemento, e tampouco produce indefensión nin perxuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos.

SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO

PATRIMONIO

20.- Responsabilidade patrimonial por danos causados en vehículo OU-9340-N, estacionado na zona do Cuartel de San Francisco, ao haber caído sobre o mesmo a rama dunha árbore.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

- **Desestimar** a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Rafael Quintas López polos danos ocasionados no seu vehículo, marca Opel, modelo Astra, con matrícula 9340- N, como consecuencia da caída da rama dunha árbore nas inmediacións do antigo cuartel de San Francisco o día 5 de maio de 2015.
- **Darlle traslado** a don Rafael Quintas López do informe xurídico de data 29 de xuño de 2016 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dita no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique. Así mesmo, contra este acto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique, segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 209 e concordantes do RD 2668/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

21.- Reclamación patrimonial instada por dna. Mara Badenes Ramón, por rotura de espello retrovisor ao intervir a grúa municipal, retirando o seu vehículo, Mercedes Vito, matrícula 5240CYF.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

- **Considerar** a dona Mara Badenes Ramón desistida da súa solicitude de reclamación patrimonial por non reunir esta os requisitos legalmente esixibles segundo o disposto no artigo 70 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no artigo 6 do RD 429/1993, de 26 de marzo polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial e non atender a interesada ao requirimento para completala.
- **Arquivar** o expediente.
- **Darlle traslado** a dona Mara Badenes Ramón do informe xurídico de data 21 de xuño de 2016 para os efectos de motivación.



Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dita no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique. Así mesmo, contra este acto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique, segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 209 e concordantes do RD 2668/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

MEDIO AMBIENTE

22.- Convenio de colaboración entre Concello de Ourense e a Consellería do Medio Rural e do Mar para a execución de obras no monte periurbano de Montealegre.- Expediente Negociado de Medio Ambiente 2016025065.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

1.- Por a disposición da Consellería de Medio Rural e do Mar, libres de cargas e gravámenes, os terreos necesarios con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar a cabo a mesma.

2.- A asunción das obrigas económicas que, no seu caso, se deriven, do acordo de cooperación, para o que certificará a inclusión daquelas no seus respectivos orzamentos.

3.- A renuncia expresa a reter da aportación da corporación calquer tipo de tributo con motivo das obras.

4.- Compromiso, no seu caso, de formalizar os desembolsos económicos a medida que se lle solicite polo órgano encargado da obra.

5.- A obriga de asumir, unha vez recepcionadas provisionalmente as obras e previa comunicación do órgano da comunidade autónoma a explotación, conservación e mantemento das mesmas.

EDUCACIÓN

23.- Expediente reintegro convenio FANPA.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:



1.- Aprobar parcialmente a liquidación da conta xustificativa presentada pola FANPA ata importe de 38.090,46 € no expediente relativo a subvención de 95.108,88 euros concedida á Federación Provincial de ANPAS Públicas de Ourense “As Burgas” (FANPA) en base ol convenio de 11 de decembro de 2014.

2.- Aprobar o reintegro pola cantidade de 28.485,75 €, polas causas e obrigas incumpridas contidas no expediente relativo á subvención de 95.108,88 euros concedida á Federación Provincial de ANPAS Públicas de Ourense “As Burgas” (FANPA) en base ó convenio de 11 de decembro de 2014.

24.- Darse por enterada da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Logo do voto favorable de urxencia por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor) e, á vista do informe técnico xustificando a urxencia, que obra no expediente, procédese a dar conta do seguinte asunto:

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

25.- Aprobación, se procede, do expediente para contratar, a execución do proxecto básico e de execución do edificio para traslado provisional dos postos do mercado da Praza de Abastos núm. 1 de Ourense.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

1º.- Rectificar a redacción do punto 1 do acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de data 23 de maio de 2016, baixo a rubrica “aprobación do proxecto básico e de execución do edificio para traslado provisional da Praza de Abastos nº 1 de Ourense, situado no Paseo central da Alameda de Ourense”, e onde di:

Aprobar o proxecto básico e de execución do edificio para traslado provisional da Praza de Abastos nº 1, situado no Paseo central da Alameda de Ourense, redactado polos arquitectos don Alfredo Freixedo Alemparte y don Pedro Diéguez Iglesias cun orzamento de execución material de 504.200,97 €.

Debe dicir:

Aprobar o proxecto básico e de execución do edificio para traslado provisional da Praza de Abastos nº 1, situado no Paseo central da Alameda de Ourense, redactado polos arquitectos don Alfredo Freixedo Alemparte y don Pedro Diéguez Iglesias cun orzamento de execución material de 504.200,97 € e un orzamento global de 725.998,98 euros (599.999,16 de principal e 125.999,82 de IVE).

2º.- Aprobar o expediente para contratar, mediante procedemento aberto o proxecto de execución do edificio para traslado provisional da Praza de Abastos nº 1 de Ourense, situado no Paseo central da Alameda de Ourense, coa correspondente aprobación do prego de condicións económico administrativas por importe de 725.998,98 euros (599.999,16 de principal e 125.999,82 de IVE).





13
OFICIALIA MAIOR
Praza Maior Nº1
32005 - Ourense

3º.- Aprobar o gasto, para a anualidade 2016, por importe de 725.998,98 euros (599.999,16 de principal e 125.999,82 de IVE €), con cargo a partida por determinar do orzamento municipal vixente, con cargo a partida 130.9200.22706 do orzamento municipal vixente.

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria.

5º.- Nomear como responsable do contrato a Elvira Carregado Pazos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o *Excmo. Sr Alcalde-Presidente D. Jesús Vázquez Abad*, levantou a sesión as nove horas, do que como *Concelleira-Secretaria da Xunta* dou fe.

